

RESOLUCIÓN da Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se publica a lista provisional de puntuacións do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para embarcacións no marco do Plan de xestión de moluscos bivalvos en zonas de libre marisqueo da Confraría de pescadores de Fisterra

Antecedentes

1. O Plan de xestión de moluscos bivalvos dende embarcación en zonas de libre marisqueo da Confraría de pescadores de Fisterra (PE403A 2023/1-1) (en diante, plan de xestión) aprobouse para o trienio 2024-2026 mediante a Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira.

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión citado estableceuse un número máximo de quince (15) embarcacións con trinta (30) persoas tripulantes con dereito a cota para todo o trienio.

Na actualidade o número de embarcacións coa arte marisqueo no permiso de explotación incluídas no plan de explotación é de catorce (14) con vinte e oito (28) persoas tripulantes con dereito a cota.

2. O 17.01.2025 (Rexistro de Entrada Nº 2025/100254), a Confraría de pescadores de Fisterra (en diante a entidade) solicitou o outorgamento da arte MARISQUEO no permiso de explotación para unha (1) embarcación con dúas (2) cotas.

3. O 07.03.2025 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para embarcacións no marco do Plan de xestión de moluscos bivalvos en zonas de libre marisqueo da Confraría de pescadores de Fisterra a unha (1) embarcación con dúas (2) cotas de captura no marco do plan de xestión para acadar o número de participantes aprobado.

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, e o Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establecen que o exercicio da actividade de marisqueo de recursos xerais requirirá que:



- Se realice ao abeiro dun plan de xestión ou en zonas de libre marisqueo no marco do Plan xeral de explotación marisqueira establecido
- A extracción de recursos marisqueiros en zonas suxeitas a plan de xestión ou en zonas de libre marisqueo só poderá ser exercida polas persoas e embarcacións que estean en posesión da preceptiva habilitación.

2. O artigo 4º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, entre outros requisitos, establece:

"O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento."

3. O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece:

- En ningún caso, poderán exercer actividades de pesca as embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión (artigo 6.6).
- As embarcacións que poden optar a incorporar no seu permiso de explotación a modalidade de marisqueo con vara deberán ter menos de 3 TRB ou menos de 2,6 GT (artigo 150).

4. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, o departamento territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

5. A disposición adicional terceira da Orde do 21 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026 (códigos de procedemento PE403A, PE403C, PE403D e PE403E), establece que en virtude do disposto na disposición adicional terceira da Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, e durante a vixencia desta orde, naqueles plans de xestión en que os datos resultantes do seguimento da explotación, a situación social do sector e os estudos sobre o estado dos recursos así o permitan, poderase incrementar o número de embarcacións coa modalidade de marisqueo con vara, sen prexuízo das limitacións e condicións establecidas para cada un dos plans de xestión.

O incremento dos/das participantes aprobados/as nos plans de xestión de marisqueo con vara realizarase segundo a resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do 22 de outubro de 2013, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas



nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

6. O proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de marisqueo con vara, de acordo coa resolución do 07.03.2025 desta dirección territorial, realízase para unha (1) embarcación con dúas (2) cotas de captura.

A presentación e admisión de catro (4) solicitudes de embarcacións da entidade en relación ao número de prazas convocadas, fai necesario establecer unha orde de prelación e por tanto proceder á valoración das solicitudes para puntuar as ditas embarcacións para a súa selección e outorgamento da modalidade, de conformidade co punto 4 do Anexo I da resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro do 22 de outubro de 2013, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

7. Así, as solicitudes que cumpren os requisitos sinalados na dita resolución serán valoradas de acordo co establecido no Anexo I (epígrafes A e C) da resolución do 22 outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.

8. Este departamento territorial é o órgano competente de conformidade co establecido no artigo 17.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas e co artigo 13 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Facer publica a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas neste proceso selectivo para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para embarcacións no marco do plan de xestión de moluscos bivalvos en zonas de libre marisqueo da Confraría de pescadores de Fisterra (anexo I).

Contra a relación provisional de puntuacións, as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante este departamento territorial. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para outorgar a puntuación definitiva.

2. Facer pública a listaxe definitiva das embarcacións excluídas do proceso selectivo, así como as causas da súa exclusión (anexo II).

As persoas armadoras excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes



contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Fisterra.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Fisterra consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)



ANEXO I

Lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas no proceso selectivo para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para embarcacións no marco do plan de xestión de moluscos bivalvos en zonas de libre marisqueo da Confraría de pescadores de Fisterra

Solicitudes admitidas										
Embarcación	CFPO	Matrícula e folio	C.1 Número de artes	C.2 Vendas en lonxa	C.3 Período de actividade	C.4 Antigüidade porto base	C.5 Nº embarcacións do armador	C.6. Formación	C.7 Experiencia profesional	TOTAL PUNTOS
NATI	56392	CO-5 2021	1,00	2,00	0,50	8,00	3,00	1,30	0,00	15,80
LOUP DE MAR	58968	VILL-3 1-17	0,00	2,00	0,00	8,00	3,00	1,00	0,00	14,00
TRES HERMANOS	57453	CO-4 983	0,00	2,00	0,00	0,00	3,00	1,8	0,00	6,8
ELVIRA SEGUNDA	53585	CO-3 1603	1,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,00	0,00	2,00



Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do Anexo I da Resolución do 22 de outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión)

TOTAL puntos: puntos acadados en total.

C.1: Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria:

- a) 1 arte/modalidade: 4 puntos.
- b) 2 artes/modalidades: 3 puntos.
- c) 3 artes/modalidades: 2 puntos.
- d) 4 artes/modalidades: 1 punto.

C.2: Vendas en lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación.

Cando nos dous anos anteriores á data da convocatoria, o volume de vendas da embarcación teña un importe superior ao salario mínimo interprofesional para cada tripulante: **2 puntos**
Para os efectos de computar as vendas descontaranse só os períodos de tempo en que a embarcación estivo inactiva por causa de forza maior, e cando a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación). Para o cálculo do salario mínimo interprofesional terase en conta a información relativa ás vendas en lonxa ou centro de venda autorizado que conste en poder da consellería, así como o rol de despachos e dotación.

C.3: Período de actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira).

Cando nos dous anos anteriores á convocatoria a embarcación rexístrase actividade pesqueira e teña asociadas vendas en lonxa ou centro de venda autorizado:

- a) Por un período superior a 18 meses: **1 punto.**
- b) Por un período comprendido entre 6 e 18 meses: **0,5 puntos.**
- c) Por un período inferior a 6 meses: **0 puntos.**

Non se terá en conta o período de tempo en que a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación).

C.4: Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión.

Cando a embarcación teña un porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión durante un período de 2 anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria, sempre e cando as persoas solicitantes teñan a condición de armador/ da embarcación durante todo o período de tempo: **8 puntos.**

C.5: Número de embarcacións do/a armador/a:

Ser armador dunha única embarcación: **3 puntos.**

C.6: Formación da persoa armadora. A puntuación máxima total que poderá obter nesta epígrafe é de 4 puntos.

- Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).

Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder á modalidade de marisqueo con vara e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas aprobado por Resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro vixente na data da convocatoria. Non se computarán as seguintes titulacións e certificados: mariñeiro pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a e certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita acadar a maior puntuación.

- Titulación académica.

- a) Graduado en ESO ou equivalente: **0,30 puntos**
- b) Bacharelato ou equivalente: **0,50 puntos**
- c) Diplomado universitario ou equivalente: **0,70 puntos**
- d) Licenciado universitario ou equivalente: **1 punto**

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Ademais, **engadírase 1 punto máis** á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como a formación non regulada, de patrón de pesca local, patrón costeiro polivalente e capitán de pesca.

C.7: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación. A puntuación máxima que se poderá obter neste punto será de 4 puntos.

Por estar enrolado nunha embarcación incluída nun plan de xestión de marisqueo con vara nos 2 anos anteriores á convocatoria: 0,01 puntos/día de actividade sempre que a embarcación tivese vendas. Non computará o tempo no que a persoa armadora estivese en situación de incapacidade temporal.



ANEXO II

Solicitudes excluídas
Non existen solicitudes excluídas

